



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045  
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

**Descrición Decreto:** Contratación persoal laboral fixo condutor camión de lixo

### **DONA MARIA JESUS NOVO GOMEZ ALCALDESA PRESIDENTA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA )**

Vista a proposta que consta na acta do tribunal cualificador de data 19/05/2022 e dacordo coas bases da convocatoria polo sistema de concurso oposición, aprobado por decreto de alcaldía núm. 29/2022 de data 26/01/2022.

Vista que a documentación achegada polo aspirante proposto ( núm. rexistro entrada 1036 de data 31/05/2022) segundo a base catorce da convocatoria está correcta.

Esta Alcaldía no uso das atribucións outorgadas legalmente no marco das competencias da Alcaldía sinaladas no artigo 21 da Lei 7/1985 de bases do réxime local polo presente **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Contratar como persoal laboral fixo para a praza de condutor camión de lixo ao aspirante aprobado D. Jose Antonio Abad Costoya con DNI XXX8914XX.

**SEGUNDO.-** Notificar persoalmente o presente decreto ao seleccionado indicado no apartado primeiro, así como publicar no boletín oficial da provincia da Coruña, no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web este decreto aos efectos oportunos.

**TERCEIRO.-** Formalizar o contrato no prazo de tres días naturais contados a partir do seguinte ó da publicación do presente acordo de contratación no boletín oficial da provincia da Coruña, taboleiro de anuncios do concello e na páxina web segundo a base 14.5 da convocatoria, e comunicar aos servizos administrativos para que se tramite a alta do traballador na seguridade social e se asine o contrato.

**CUARTO.-** Dar conta na próxima sesión ordinaria que se celebre.

Decretouno a Alcaldía, Boimorto á data da súa sinatura dixital, do que eu Secretario deste Concello, dou fe e traslado

A Alcaldesa - Presidenta

Dou fe, o secretario

Asdo.- MARIA JESUS NOVO GOMEZ

Asdo.- JORGE BOADO FERNÁNDEZ

